

Hai mulleres vítimas porque hai verdugos, mulleres asasinadas porque hai asasinos que matan as súas vítimas e xeran un efecto de intimidación sobre outras mulleres. Facemos fronte a unha violencia de dominación, á que podería denominarse terrorismo.

Hai que resaltar que onde hai vítima hai vitimario para axitar as consciencias de todas e todos nós e incitarnos a asumir a nosa responsabilidade na loita contra a violencia de xénero, que comenza por cousas "pequenas", pero importantes, como non rir nin aceptar en silencio os comentarios e chistes machistas e agresivos contra as mulleres que se emitan na nosa presenza.

CONCURSO DE DESEÑO GRÁFICO



CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO



Teléfono 982 29 74 12
cmuller@concellodelugo.org
www.lugo.es



Concello de Lugo
Concellería de Benestar Social
e Igualdade

Concurso de deseño gráfico “CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”

De acordo cas seguintes bases:

1.- Poderán concorrer cantos autores e autoras o desexen, con traballos de tamaño e técnica libres, que deberán ser presentados sobre soporte ríxido que facilite a súa posible exposición.

2.- Os deseños contribuirán a destacar o tema da violencia de xénero, tamén denominada violencia contra as mulleres, debéndose centrar no tema da loita contra a violencia de xénero, valorándose, primordialmente, o impacto das posibles frases ou lema, que conteñan os deseños. Será requisito indispensable que figure o símbolo do Concello de Lugo e o logotipo da Casa da Muller.

3.- A autora ou autor do deseño que resulte gañador recibirá un premio dotado con 600 euros e agasallo.

4.- O cartel seleccionado quedará en poder do Concello de Lugo, que poderá reproducilo no tempo e maneira que estime oportunos. Os carteis presentados poderán ser expostos ó público.

5.- A entrega de orixinais, por correo ou persoalmente, na Casa da Muller do Concello de Lugo. Avda. da Coruña, 212 (Chalet Parque da Milagrosa).27003 Lugo, poderá efectuarse ata as 13 horas do día 15 de outubro de 2014.

6.- Os traballos deberán ser presentados de maneira anónima e baixo lema, en sobre

adxunto, pechado e baixo o mesmo lema, indicándose o nome, DNI, enderezo e teléfono.

7.- O xurado estará integrado pola Concelleira de Igualdade e persoal técnico da Casa da Muller, co asesoramento de deseñadoras e deseñadores.

8.- O xurado resérvase a facultade de declarar deserto o premio no caso de que estimase que ningún dos carteis ten méritos suficientes.

9.- A resolución do xurado, que se comunicará con antelación ó/a gañador/a, faráse pública.

10.- O premio será entregado no transcurso dun acto que se anunciará oportunamente.

11.- Os traballos non premiados poderán ser retirados ata o 29 de decembro de 2014.

12.- A participación no certame supón a aceptación das súas bases e a decisión do xurado.

Para solicitar as bases ou máis información, poden dirixirse á Casa da Muller ou no

Teléfono 982 297 412.

Tamén, a través do correo electrónico:
cmuller@concellodelugo.org